

BOLETÍN DE IGUALDADE

Publicación mensual da Unidade de Igualdade



Manifestación antimilitarista en Santiago de Compostela no ano 1994

Cada número recolle información de interese sobre actividades formativas, convocatorias, congresos e seminarios, novas e recursos diversos sobre a igualdade de xénero.

Se queres achegar información, envíanos as túas suxestións por correo-e antes do día 28 de cada mes.

Unidade de Igualdade

Edificio Ernestina Otero 1º andar
Campus universitario
Vigo-36310
igualdade@uvigo.gal
986 813 419



CONTIDO

AXENDA.....	3
FORMACIÓN.....	4
XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIOS	5
CONVOCATORIAS	5
SUXESTIÓNS	6
INVESTIGACIÓN	6
REVISTAS	13
NOVAS DO DUVI.....	15
NOVAS.....	16
DATOS.....	17
RECURSOS.....	18

FEBREIRO

	Luns	Martes	Mércores	Xoves	Venres	Sábado	Domingo
5	26	27	28	29	30	31	1
6	2	3	4	5	6 <small>Día Internacional contra a Mutilación Xenital Feminina</small>	7	8
7	9	10	11	12	13	14 <small>Día Europeo da Saúde Sexual</small>	15
8	16	17 <small>Martes de Entroido — Festivo local en Ourense</small>	18 <small>Mércores de Cinza — Festivo local en Pontevedra</small>	19	20	21	22 <small>Día Europeo da Igualdade Salarial</small>
9	23	24	25	26	27	28	1

AXENDA

11 de febreiro. Día Mundial da Muller e da Nena na Ciencia. Actividades ao longo de todo o mes nos diferentes campus para incentivar as vocacións científicas sen nesgos de xénero e dar visibilidade ás investigadoras.

A programación completa estará dispoñible nos próximos días e difundirase a través das canles habituais da Universidade de Vigo. [+Info](#)

FORMACIÓN

Taller formativo A promoción profesional con perspectiva de xénero. Entre o 12 e o 19 de febreiro, cunha sesión en liña. (GA) [+Info](#)

Curso teórico práctico para a protección integral fronte ao acoso no traballo. (15h) Entre o 13 de febreiro e o 13 de marzo. (GA) [+Info](#)

Curso sobre a discriminación por xénero. Lexislación e xurisprudencia.(15h) Entre o 13 de febreiro e o 13 de marzo. (GA) [+Info](#)

Microcredencial Atención a vítimas de violencia de xénero: unha visión teórico-práctica

Do 16 de febreiro ao 10 de abril de 2026, cunha duración total de 50 h. (ES) [+Info](#)

Xustiza de xénero e dereitos humanos: combater o auxe do movemento antixénero. (EN) [+Info](#)

Curso masivo en liña organizado por Amnistía Internacional.

MOOC Unha historia global do sexo e o xénero: corpos e poder no mundo moderno. (EN) [+Info](#)

MOOC Feminismo e xustiza social. (EN/ES) [+Info](#)

A perspectiva de xénero nas políticas sanitarias (40 h). Curso da Escuela Virtual de Igualdade en liña reservado a persoal sanitario con certificado de aproveitamento. Iranse abrindo grupos ata 2026 que se cubrirán por orde de inscrición. [+Info](#)

As Rebeldes Periféricas. Disponibles os audios do curso organizado por Traficantes de Sueños sobre a historia dalgunhas das mulleres que protagonizaron as revolucións desde os anos 60 do século XIX ata os anos 30 do século XX. [+Info](#)

Campus Virtual de UNFPA. Formación en liña asíncrona con varias accións formativas dispoñibles. [+Info](#)

Feminismo, xénero e política. MOOC da Universitat Autònoma de Barcelona. (ES) [+Info](#)

Cursos en liña de autoformación Eu sei de xénero de ONU Mulleres (ES) [+Info](#)

Cátedra Extraordinaria Valores Democráticos e Xénero. (ES) [+Info](#)

Escola Virtual de Igualdade | Cursos gratuítos en materia de igualdade. Inscrición aberta ata cubrir as prazas dispoñibles. (ES) [+Info](#)

XORNADAS, CONGRESOS E SEMINARIOS

III Xornadas GENUSAL: «Impulsando a perspectiva de xénero en saúde». Universidade de Salamanca, 12 e 13 de febreiro. [+Info](#)

VI Congreso ADN: Xénero, Coidados e Innovación. Universidade de Salamanca, en formato híbrido o día 16 de febreiro. [+Info](#)

VIII Congreso Internacional Ciencia, Feminismo e Masculinidades (CICFEM26). Os días 27 e 28 de febreiro presencial e en liña na Universitat de València. [+Info](#)

Congreso Internacional «Muller rural e reto demográfico: propostas tanxibles para a institucionalización da perspectiva de xénero nas comunidades rurais». En formato híbrido os días 4 e 5 de marzo. [+Info](#)

I Congreso Internacional de Hispanistas sobre Estudos Literarios Femininos: «(Re)escrituras del canon: autoría feminista, genealogías críticas y poéticas disidentes». Universidade de Alcalá, 18, 19 y 20 de maio. [+Info](#)

CONVOCATORIAS

Cuestiones de Género de la Igualdad y la Diferencia. Está aberta a convocatoria 2025-2026 para o envío de artigos para formar parte do monográfico sobre Mulleres na historia de América Latina e o Caribe: Axencias, desafíos achegas desde a época moderna ata a actual, ata o 28 de febreiro de 2026. [+Info](#)

Journal of Women in Culture and Society. Crisis. Convocatoria aberta para o envío de artigos de análise crítica sobre a intersección entre xénero, sexualidade e as actuais crises políticas, climáticas e sociais. Aberta ata o 1 de marzo de 2026. [+Info](#)

Sexuality Research and Social Policy. Número especial: Xustiza e traballo sexual: desenvolvendo e descentrando debates.

A data límite para o envío de artigos é o 10 de abril de 2026. [+Info](#)

Investigaciones feministas. Xénero e opinión pública na sociedade contemporánea: fendas nas actitudes sociopolíticas e esfera dixital. Prazo aberto ata o 12 de abril de 2026. [+Info](#)

Behavioral Sciences. Número especial: Violencia sexual contra as mulleres en todos os contextos: prevención, educación e intervención.

Prazo aberto ata o 26 de maio do 2026. [+Info](#)

JMIR Medical Education. Nesgos, diversidade, inclusión, e competencia cultural en educación médica. Aberto ata o 31 de xullo do 2026. [+Info](#)

Feminist Formations. Convocatoria aberta para envío de artigos. A data límite de envío de propostas é o 31 de decembro de 2026. [+Info](#)

SUXESTIÓNS

A expansión neoliberal precisa dun puño de ferro capaz de asegurar o control de recursos, territorios e poboacións, desde as fronteiras militarizadas ata a guerra contra o inimigo interior. Consecuencia disto, hoxe asistimos a un proceso de rearmamento global que é, ao mesmo tempo, económico e simbólico: medios, industrias culturais e plataformas dixitais reforzan ríxidos modelos tradicionais de xénero. A militarización actual funciona así como un laboratorio no que se redefinen as masculinidades hexemónicas e as femiñidades normativas, e no que se intenta mobilizar a homes e mulleres –de maneiras diferentes– para soste un sistema social desigual, e presentan a guerra e a violencia como algo naturalmente masculino.

A publicidade militar, os videoxogos, o cine de acción e todo o ecosistema do chamado complexo de entretemento militar constrúen un ideal de home disciplinado, disposto ao sacrificio e á acción violenta, cuxas calidades encaixan á perfección co suxeito neoliberal competitivo: forte, individualista, autosuficiente e preparado para usar a forza cando o mercado ou o estado o demanden. Diversos estudos sobre masculinidades militarizadas sinalan que este ideal serve de ponte entre catro sistemas de poder entrelazados –militarismo, capitalismo, racismo e (hetero)patriarcado– que definen a quen se protexe, quen é descartable e quen se constrúe como ameaza.

O informe [Confronting Militarised Masculinities, Mobilising Men for Feminist Peace](#) da Liga Internacional de Mulleres pola Paz e a Liberdade (WILPF) analiza como o exército dos EE. UU. constrúe, explota e mantén modelos de masculinidade militarizada a través das súas [estratexias de recrutamento](#), e como estes modelos se proxectan globalmente. O informe mostra campañas en redes sociais e colaboracións con xogos como *Call of Duty* ou *America's Army* onde se representa o soldado como un mozo atlético, resolto, tecnoloxicamente competente, heterosexual, que atopa no exército unha vía de realización persoal e de recoñecemento social.



Existen conexións, aínda que non automáticas nin liñais, entre a militarización das masculinidades e certas subculturas como os *gymbros* e os *incol*. [Patrick Wyman](#) describe como a cultura bro e o fenómeno do «atleta táctico» converxen coa militarización: o adestramento físico, a estética (armas, bandeiras, equipamento militar) e a admiración acrítica pola cultura militar constrúen unha identidade de guerreiro.

Nesta liña, [un traballo recente de Myriam Correa](#) (2025) sobre o exército británico e a ideoloxía *incel* sinala unha «converxencia preocupante», similar á que se atopa en certos espazos dixitais de radicalización masculina onde contidos de adestramento de alto rendemento funcionan como porta de entrada cara a discursos de extrema dereita, supremacismo branco e misoxinia organizada.

Esta construción simbólica da masculinidade guerreira e agresiva ten como outra cara da mesma moeda o reforzo dos roles de xénero asociados á muller. Un exemplo é a subcultura de activismo dixital das *#tradwives*, que promove a través da estética a abnegación e a submisión femininas, contribuíndo á normalización da dependencia das mulleres e resignificando roles de xénero e difundindo narrativas reaccionarias no entorno dixital ([Peños Seisdedos, Carla, 2025](#)). Isto conecta con análises como as de [Laura Sjoberg](#) (2014), que mostran como a lexitimación da guerra e a lealdade militar descansan en narrativas hiperxenerizadas: heroes virís que encarnan honor e potencia imperial, e familias militares onde as mulleres, na fronte doméstica sosteñen co seu traballo emocional e de coidados a maquinaria bélica.

Hai unha liña de estudos que mostran que xénero, guerra e militarismo son conceptos interdependentes e mutuamente constitutivos: o militarismo impacta de forma desproporcionada nas vidas de mulleres e nenas, pero tamén se constrúe a través de roles e expectativas de xénero que reforzan sistemas de poder baseados en raza, clase, nación ou cultura. Estes traballos entran en diálogo coas análises interseccionais de [M. Jacqui Alexander](#), Charles R. Hale, ou V. Spike Peterson entre moitas outras, para amosar como a feminización e a subordinación non afectan só ás mulleres, senón tamén a homes racializados, empobrecidos ou colonizados, situados en posicións «femininas» dentro dunha orde global militarizada. Esta ollada feminista interdisciplinar alerta contra lecturas triunfalistas: a maior presenza de mulleres nos exércitos ou na violencia armada non implica igualdade, xa que o xénero segue a ser peza clave na xustificación da guerra, na construción nacional e na produción de vítimas e suxeitos «sacrificables» en función do seu lugar nas xerarquías de xénero, raza e clase. tamén nos axudan a pensar no que supoñen estas políticas de intervención para as mulleres do Sur Global, ou como os programas de reconstrución e reintegración adoitan aplicar modelos de enfoque único que descoidan necesidades de xénero, reproducindo desigualdades tamén no posconflicto.

Por iso resulta interesante xenerizar a guerra, desprazando o foco da estratexia e dos actores formais para analizar como reforza ou cuestiona roles de xénero, e como os corpos –sobre todo os feminizados e racializados– se convierten en territorios onde se inscriben proxectos nacionais, imperiais e militares. As perspectivas feministas, ao centrarse na vida cotiá, os coidados, as violencias lentas e menos espectaculares, e ao conectar militarismo con masculinidades patriarcais, permiten desmontar o mito da guerra como unha resposta natural aos conflitos sociais e abrir espazo para alternativas de seguridade non militarizadas.



Edward Donald Slovik foi o único soldado estadounidense sometido a un consello de guerra e executado por deserción na II Guerra Mundial

Esta mitoloxía da masculinidade militarizada constrúe o soldado como un suxeito valente, disposto ao sacrificio e inmune ao medo, pero oculta todo un reverso de vulnerabilidade, pánico e rexeitamento á guerra. No seu libro *Desertores. Una historia silenciada de la II Guerra Mundial* (2014), Charles Glass lembra que máis de 150.000 homes desertaron nos exércitos aliados durante o conflito, ao tempo que se desenvolvía o diagnóstico de «fatiga de combate», que recoñecía que a mente tamén quedaba ferida baixo un estrés extremo. As políticas de recrutamento e selección psiquiátrica filtraban a quen era considerado pusilánime ou con trastornos mentais, expulsando a centos de miles de homes e preservando a ficción de que os que quedaban eran homes normais en termos de valor e saúde mental. A realidade, porén, era que centos de recrutas sufrían crises nerviosas cada semana, fuxían de trens e barcos na chamada fiebre da pasarela e desertaban en número tal que se volvía imposible levalos a xuízo masivamente, mentres a xustiza militar escolliu casos exemplares como o de Eddie Slovik para castigar con dureza e enviar unha

mensaxe de disciplina viril ao conxunto da tropa.

Desde unha perspectiva feminista crítica, pode verse como estas experiencias de medo, colapso e deserción son sistematicamente silenciadas para soste o ideal de masculinidade guerreira: a vulnerabilidade emocional e o rexeitamento á violencia reinterpretanse como cobardía individual, en lugar de como resposta humana a unha maquinaria bélica deshumanizadora. O testemuño do poeta desertor [John Bain](#), que ironiza sobre o trastorno de estrés pretraumático e admite que el e os seus compañeiros estaban «cagados de medo», revela ata que punto o corpo e a mente dos homes non encaixan co molde de dureza absoluta que o militarismo lles impón. Ao invisibilizar estas fendas –o medo, as neuroses de guerra, a deserción como forma de supervivencia– a cultura militar reafirma un modelo de masculinidade hexemónica no que só cabe a bravura, o autocontrol e a disposición a matar, e calquera desviación queda borrada do relato ou sancionada como falla moral.

Por outra banda, [Swati Parashar](#) (2014) propón entender a guerra como unha «política da ferida» profundamente xenerizada. Xénero e guerra non se suman ao final da análise: a guerra privilexia certos roles e xerarquías de xénero e, ao mesmo tempo, reconfigura as relacións de xénero, consolidando ou abrindo fendas nos mandatos tradicionais. Así, insiste en ir alén da narrativa de mulleres só como vítimas: recupera o papel de mulleres combatentes, planificadoras e dirixentes políticas que participan na guerra, e introduce o concepto de «feminidades militarizadas», que poden reproducir prácticas aparentemente patriarcais pero tamén subverter xerarquías internas, alterar culturas militares e desafiar estereotipos simplistas de «homes violentos, mulleres pacíficas».

En moitos contextos poscoloniais, Parashar fala de «militarismo excesivo», alimentado polo consenso entre estado e cidadanía de que a seguridade é unha empresa colectiva que esixe labor material e afectivo militarizado, onde a masculinidade estatal compite coa masculinidade

militarizada de sectores marxidados, e as mulleres participan na guerrilla máis para aliviar a súa vulnerabilidade fronte á violencia do estado que para liberarse do patriarcado.

O informe [Confronting Militarised Masculinities, Mobilising Men for Feminist Peace](#) da WILPF propón tamén estratexias de cambio: apoiar resistencias masculinas ao militarismo (obxección de conciencia, movementos contra o servizo obrigatorio), cuestionar a lexitimidade das narrativas de seguridade baseadas na forza armada e ofrecer un marco para traballar con organizacións locais (Afganistán, Camerún, Colombia, RDC etc.) na transformación destas masculinidades cara modelos coherentes cunha paz feminista.

Segundo WILPF, mobilizar homes para a paz feminista implica moito máis ca sumalos a campañas existentes: trátase de confrontar as masculinidades militarizadas e construír alianzas políticas estables entre organizacións feministas e colectivos que traballan con homes e mozos.

Neste momento de rearme material e ideolóxico do belicismo tamén aparecen discursos que desmontan os seus construtos identitarios. Em 2024 a televisión pública catalá TV3 estreaba o documental «[Et faran un home](#)» que expón a cara oculta do servizo militar obrigatorio no Estado español, vixente ata o ano 2001. Diversos testemuños expoñen as dinámicas de poder presentes na *mili* e relatan os abusos, torturas e agresións sexuais exercidas contra os reclutas polos veteranos. Este traballo cuantifica os suicidios de reclutas no servizo militar: 303 durante os vinte anos en que o servizo militar estivo vixente durante o actual período democrático. O documental mostra o servizo militar obrigatorio como unha escola da crueldade.

No entanto, o pacifismo e o antimilitarismo desenvolveu durante as décadas de 1980 e 1990 unha continua mobilización contra *mili* a través da insubmisión e da obxección de conciencia. Cabe entender a día de hoxe esta loita como un exemplo de desobediencia aos mandatos patriarcais, especialmente cando a *mili* estaba entendida socialmente como unha especie de ritual de paso cara a idade adulta.

Esta historia de desobediencia civil foi recollida por César Goldi no seu proxecto de teatro documento *Goldi libre, autoretrato dun insubmiso preso nos cárceres de Felipe González*, e mais recentemente polo monográfico [Antimilitarismo na Galiza \(2025\)](#) editado pola Fundación Galiza Sempre. Do ronsel daqueles movementos fican aínda colectivos como o [Espazo Aberto Antimilitar](#), que promove unha obxección fiscal ao gasto militar, ou o recentemente constituído [Rompanfilas](#).



Colaxe con imaxes de películas antibelicistas de diferentes épocas: *La Gran Ilusión* (Jean Renoir, 1937), *Apocalypse Now* (Francis Ford Coppola, 1979) *Ven y mira* (Elem Klímov, 1985), *La Chaqueta Metálica* (Stanley Kubrick, 1987), *20 Días en Mariupol* (Mstyslav Chernov, 2023), *Unicorn Wars* (Alberto Vázquez, 2024) e *La Voz de Hinde Rajab* (Kaouther Ben Hania, 2025)

No contexto actual, no que varios países europeos debaten ou xa avanzan na reintrodución do servizo militar obrigatorio –como Lituania, Letonia ou Suecia, e con discusións abertas en Alemaña e Italia– cómpre mirar máis alá dos argumentos de seguridade para preguntarnos que modelos de xénero se están reforzando. Desde unha perspectiva crítica, prestar atención ao impacto destas políticas significa analizar quen pode negarse sen consecuencias, quen asume os riscos físicos e emocionais, quen sostén a retagarda da vida e que mensaxes lanzan as campañas de recrutamento sobre «homes de verdade» e «patria». O retorno do servizo militar non é só unha cuestión de efectivos: pode volverá a ser unha potente ferramenta de socialización que intensifique a militarización da vida cotiá e lexitime modelos patriarcais de xénero, nun momento no que deberíamos estar ampliando os espazos para masculinidades coidadosas, para feminidades non subordinadas e para formas de seguridade baseadas na igualdade e os dereitos humanos.

INVESTIGACIÓN

Sexo e causas de mortalidade nos EE. UU, de 1999 a 2019. (EN) [+Info](#)

Infancia robusta: explorando a participación nas materias académicas, o benestar e a seguridade psicolóxica en escolares de 6 a 9 anos en Noruega. (EN) [+Info](#)

A fisioloxía do exercicio está á vangarda da equidade sexual e de xénero: un chamamento a un progreso máis rápido, estándares máis altos e unha ciencia máis sólida. (EN) [+Info](#)

O xénero e a ansiedade revelan distintas fontes computacionais de falta de confianza. (EN) [+Info](#)

A estimación numérica dos nenos está máis nesgada polos informantes homes que polas informantes mulleres. (EN) [+Info](#)

Da amabilidade ás restricións: como o sexismo benevolente dos cónxuxes prexudica ás mulleres académicas en parellas con dobre carreira académica. (EN) [+Info](#)

Diferenzas de sexo na presentación clínica de pacientes con mieloma múltiple recén diagnosticado. (EN) [+Info](#)

A regulación á alza relacionada co sexo da sinalización morfoxenética de proteínas óseas inhibe a neuroxénese adulta en ratos modelo da enfermidade de Alzheimer APP^{NL-G-F}. (EN) [+Info](#)

Pódese medir a «masculinidade tóxica»? Os científicos tentan cuantificar este termo controvertido. (EN) [+Info](#)

Non asumas que as baixas taxas de retracción das mulleres reflicten a «ousadía» masculina. (EN) [+Info](#)

O que o futuro lle depara á IA: a visión das persoas que a están a moldear. (EN) [+Info](#)

Estas mulleres axudaron a dar forma á mecánica cuántica; é hora de recoñecelas. (EN) [+Info](#)

A encarnación virtual aumenta a sensibilidade masculina ante as experiencias de acoso de rúa (*catcalling*). (EN) [+Info](#)

Os estereotipos de xénero nas nacións relaciónanse coa posición social de mulleres e homes: evidencias de enquisas de opinión pública transculturais. (EN) [+Info](#)

Risco a trinta anos de enfermidade cardiovascular entre mulleres sas segundo os limiares clínicos de lipoproteína(a). (EN) [+Info](#)

Radiografía da violencia machista dixital. Unha análise crítica da representación na prensa dixital galega. Quinto informe do Observatorio de Machismo Dixital da Cátedra de Feminismos 4.0 DEPO-UVigo. (GA) [+Info](#)

Gender On Digital. Journal of Digital Feminism. Vol. 3 Reflexións sobre a sociedade dixital e o xénero. (GA/ES) [+Info](#)

Recoñecendo o traballo académico das mulleres: explorando como a universidade neoliberal prexudica a promoción da docencia feminista. (EN). [+Info](#)

Filanderas. Revista Interdisciplinar de Estudios Feministas. Núm. 10 (2025). (ES) [+Info](#)

Monografías feministas IN_Mujeres Beijing+30. (ES). [+Info](#)

Análise do discurso misóxino nas redes. Una aproximación ao uso do termo «Charo» na cultura do odio. (ES). [+Info](#)

25N: Ante as violencias sexuais, nós avanzamos cara á igualdade. Gravación da xornada. (GA) [+Info](#)

Como se empregan o xénero e a raza na desinformación? Un estudo exploratorio sobre as mulleres políticas. (EN) [+Info](#)

¿Como é o persoal médico? Preguntándolle á IA. (EN) [+Info](#)

Turismo, consentimento e resistencia: unha perspectiva gramsciana. (EN) [+Info](#)

Exposición a PFAS e alteración endócrina entre as mulleres. (EN) [+Info](#)

Caza de bruxas da extrema dereita: discursos mediados de xénero, consentimento e vitimización masculina no fútbol feminino. (EN) [+Info](#)

Recomendacións prácticas para a prevención de lesións de atletas femininas e nenas (FAIR). Reunión de consenso do Comité Olímpico Internacional (COI) celebrada en Lausana, Suíza, 2025. (EN) [+Info](#)

Disparidades nos partos por cesárea primaria segundo a orientación sexual: unha análise baseada na poboación en tres cohortes lonxitudinais. (EN) [+Info](#)

Pode o cambio nas crenzas sobre o sexo planificado levar a ter relacións sexuais máis frecuentes e a un maior desexo e satisfacción? Un estudo experimental de proxenitores con criaturas pequenas. (EN) [+Info](#)

A rede xénica do receptor da insulina cerebral configura o risco de enfermidades metabólicas despois do estrés na infancia nas mulleres. (EN) [+Info](#)

Información inmunometabólica sobre a saúde das mulleres en todas as idades. (EN) [+Info](#)

REVISTAS

Revista ex æquo Núm. 52 (2025). Dossier «Consentimento e violencia sexual». (PT/EN/ES) [+Info](#)

Clepsydra Núm. 29 (2025): Cando o xénero fala: crenzas, discursos e usos lingüísticos. (ES) [+Info](#)

Journal of Feminist, Gender and Women Studies. Monográfico: Representacións contemporáneas de mitos femininos e masculinos. (ES) [+Info](#)

Gender & Society Volume 39 (outubro do 2025). (EN) [+Info](#)

Gender, Work & Organization: Volume 33, Issue 1. (EN) [+Info](#)

Biology of Sex Differences. Volume 17 (2026). (EN) [+Info](#)

Femeris. Vol. 10 Núm. 3 (2025). (ES) [+Info](#)

Journal of Feminist, Gender and Women Studies. Núm 19 (2025). (ES) [+Info](#)

Revista igUALdad. Volume 29 (2025). (ES) [+Info](#)

Social Politics. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)

Sexualities. Volume 28 (2025). (EN) [+Info](#)

Gender, Technology and Development. Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)

-
- Feminist & Psychology*. Volume 35 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women & Therapy*. Volume 49 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Anthropology*. Volume 6 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology & Sexuality*. Volume 16 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Economics*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Legal Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Violence and Gender*. Volume 12 (2025). (EN) [+Info](#)
- Hypatia*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Revista Estudos Feministas*. Volume 33 (2025). (PT) [+Info](#)
- Gender & History*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Sex Research*. Volume 62 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender in Management*. Volume 40 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Women Quarterly*. Volume 49 (2025). (EN) [+Info](#)
- Gender and Education*. Volume 38 (2026). (EN) [+Info](#)
- The Journal of General Psychology*. Volume 153 (2026). (EN) [+Info](#)
- Men and Masculinities*. Volume 27 (2026). (EN) [+Info](#)
- Feminist Criminology*. Volume 20 (2025). (EN) [+Info](#)
- Psychology of Men & Masculinities*. Volume 26 (2025). (EN) [+Info](#)
- Equality, Diversity and Inclusion*. Volume 44 (2025). (EN) [+Info](#)
- Affilia - Feminist Inquiry in Social Work*. Volume 41 (2026). (EN) [+Info](#)
- Feminist Theory*. Volume 27 (2026) (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender Studies*. Volume 35 (2026). (EN) [+Info](#)
- Gender Issues*. Volume 43 (2026). (EN) [+Info](#)
- Gender, Place, and Culture*. Volume 33 (2026). (EN) [+Info](#)
- Violence Against Women*. Volume 32 (2026). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Politics and Gender*. Volume 8 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Language and Sexuality*. Volume 15 (2026). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Studies*. Volume 25 (2025). (EN) [+Info](#)

-
- Women in Sport and Physical Activity Journal*. Volume 34 (2026). (EN) [+Info](#)
- European Journal of Women's Studies*. Volume 32 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Aging*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Feminist Journal of Politics*. Volume 27 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Women and Minorities in Science and Engineering*. Volume 31 (2025). (EN) [+Info](#)
- Signs*. Volume 50 (2025). (EN) [+Info](#)
- International Journal of Sexual Health*. Volume 37 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality and Culture*. Volume 29 (2025). (EN) [+Info](#)
- The Journal of Men's Studies*. Volume 33 (2025). (EN) [+Info](#)
- Journal of Gender-Based Violence*. Volume 9 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women and Criminal Justice*. Volume 35 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women's Studies International Forum*. Volume 112 (2025). (EN) [+Info](#)
- Géneros*. Volume 14 (2025). (EN) [+Info](#)
- Women's History Review*. Volume 34 (2025). (EN) [+Info](#)
- Feminist Media Histories*. Volume 11 (2025). (EN) [+Info](#)
- Religion and Gender*. Volume 15 (2025). (EN) [+Info](#)
- Sexuality Research and Social Policy*. Volume 22 (2025). (EN) [+Info](#)

NOVAS DO DUVI

Premios Egeria 2025: tres teses, un TFM e dous TFG comprometidos coa igualdade. [+Info](#)

A Cátedra Aldaba-WIB convoca un certame escolar de vídeos centrados na promoción da muller no eido TIC. [+Info](#)

Un novo número da revista *Gender on Digital* pon o foco nas violencias sexuais dixitais que afectan maioritariamente ás mulleres. [+Info](#)

Investigadoras da Facultade de Comunicación seguen o rastro das invisibilizadas pioneiras da publicidade na provincia de Pontevedra. [+Info](#)

O concurso escolar sobre muller e ciencia do campus celebra a súa décima edición. [+Info](#)

NOVAS

Localizan a unha muller asasinada en Mos e busca á súa parella. (ES) [+Info](#)

Baixa menstrual: o estigma e a incertidume fan que estas medidas se utilicen pouco en todo o mundo. (ES) [+Info](#)

O goberno proporá eliminar a opción de castigar delitos sexuais só cunha multa. (ES) [+Info](#)

As denunciante de Julio Iglesias: o que pasa cando as mulleres falan: sinaladas, estigmatizadas e amedrentadas. (ES) [+Info](#)

A violencia contra Sarah Santaolalla e os datos: o 73 % das xornalistas sofren ameazas en liña. (ES) [+Info](#)

Eficaz para el, inútil para ela? O ADN revela o erro da medicina estándar. (ES) [+Info](#)

Nenas futbolistas cámbianse en coches e na rúa «tiritando de frío» por falta de vestiarios nos campos municipais da Coruña. (ES) [+Info](#)

O goberno substitúe as pulseiras electrónicas de control a maltratadores por noceleiras tralos fallos do ano pasado. (ES) [+Info](#)

ONU mulleres España: seis materias pendentes para a igualdade nos próximos anos. (ES) [+Info](#)

Decretan o arquivo do caso Maruxaina ao non poder identificar aos autores dos vídeos subidos á páxina porno. (ES) [+Info](#)

Un correo con ameazas de morte obriga a pechar a Casa das Mulleres de Irún. (ES) [+Info](#)

Decenas de mulleres denuncian agresións sexuais de membros de Herri Norte, seguidores radicais do Athletic Club. (ES) [+Info](#)

O Ministerio de Igualdade pide «maior coordinación» contra a violencia machista: 66 concellos galegos están en VioGén. (GL) [+Info](#)

O engano do machismo cara as traballadoras do fogar: «O permiso de residencia permíteche denunciar». (ES) [+Info](#)

A xustiza anula o despido dunha directiva dun laboratorio que foi substituída por un home sen xustificación. (ES) [+Info](#)

En torno a un terzo das mulleres de entre 16 de 34 anos sofre acoso dixital. (ES) [+Info](#)

Mara Mariño, a sexóloga e escritora que advirte sobre as novas formas de explotación que sofren as mozas: «De media, o que se gana ao mes en OnlyFans son 200 euros». (ES) [+Info](#)

Cae en Vigo unha trama que captaba estranxeiras a través dunha aplicación de citas e as explotaba en froitarías. (ES) [+Info](#)

O Supremo fixa que contactar coa vítima a través das súas amigas supón violar a prohibición de comunicarse con ela. (ES) [+Info](#)

Falece Claudette Colvin, pioneira do movemento polos dereitos civís en EE.UU. (ES) [+Info](#)

Do veto en Asia ao pulso con Europa: Grok e Musk no punto de mira polas *deepfakes* sexuais. (ES) [+Info](#)

Intento de revocar a prohibición da mutilación xenital feminina en Gambia escoitado polo Tribunal Supremo. (EN) [+Info](#)

Para que sirva a IA de Musk: «espídos sistemáticos de mulleres, imaxes pederastas e contido extremista». (ES) [+Info](#)

Xogo en silencio para elas e expansión para elas: como os xoguetes seguen reforzando nesgos de xénero. (ES) [+Info](#)

Alemaña investiga a ducias de militares por rituais neonazis, antisemitismo, machismo e abuso de sustancias. (ES) [+Info](#)

«Precisamos politizar as frustracións dos homes xoves cara un lugar emancipador, non reaccionario». (ES) [+Info](#)

Aprender a coidar e reformular o que significa ser home no campo de Bogotá. (ES) [+Info](#)

Máis mulleres manteñen a súa declaración en casos de violencia machista en Galicia. (GL) [+Info](#)

DATOS

Macroenquisa de Violencia contra a Muller 2024. [+Info](#)

Informe Global de Fenda de Xénero 2025. [+Info](#)

Índice de Igualdade de Xénero 2025: Datos máis precisos para un mundo cambiante. [+Info](#)

Publicación realizada polo Instituto Europeo pola Igualdade

Mulleres en cifras. Mulleres e homes en España [+Info](#)

Publicación realizada polo INE en colaboración co IMIO. Esta publicación periódica difunde indicadores de xénero relevantes en distintos ámbitos.

Científicas en Cifras 2025. A Unidade de Mulleres e Ciencia do Ministerio de Ciencia, Innovación e Universidades presentou o novo informe o 6 de marzo na Fundación Francisco Giner de los Ríos (Institución Libre de Enseñanza). (ES) [+Info](#)

Observatorio Igualdade Emprego [+Info](#)

Estudos e informes que visibilizan as fendas de xénero no mercado laboral e no emprendemento.

As mulleres do mundo. Tendencias e estatísticas (EN) [+Info](#)

RECURSOS

Imaxe do Punto lila virtual dispoñible no espazo web da Unidade de Igualdade en galego, inglés e adaptado a lectura fácil

Recursos contra as violencias machistas da UVigo (GA/ES/EN e lectura fácil) [+Info](#)

Protocolo de prevención e acción fronte ao acoso sexual e o acoso por razón de sexo da Universidade de Vigo (GA, ES e Lectura fácil) [+Info](#)

Programas de voluntariado de acompañamento a mulleres en procesos de violencia de xénero na UVigo En [Ourense](#) e [Vigo](#).

CIM- Centros de Información ás Mulleres
Servizos municipais de atención psicolóxica, xurídica e social para mulleres. [+Info](#)

- CIM Vigo. Rúa de Romil núm. 20
986 293 963

- CIM Ourense. Rúa do Ensino núm. 24
988 393 191
- CIM Pontevedra. Praza de José Martí
900 119 741 e 986 864 825

Oficinas de atención á vítima (nas tres cidades) [Cita previa](#)

Centros de crise 24h Atención de mulleres vítimas de violencia sexual da comunidade autónoma de Galicia abertos as 24 horas os 365 días do ano. [+Info](#)

- Vigo: Hospital Álvaro Cunqueiro (Rúa Clara Campoamor, 341, C.P. 36312, Vigo, Pontevedra)
- Ourense: (PAC)-Centro de Especialidades (Rúa do Concello 13, C.P. 32003, Ourense)

Resolución do 10 de decembro do 2025, da Secretaría de Estado de Igualdade e para a Erradicación da Violencia contra as Mulleres, pola que se publica o Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade, de 17 de novembro de 2025, relativo á acreditación das situacións de violencias sexuais. [+Info](#)

Guía de dereitos, recursos e servizos para as mulleres galegas. FEGAMP, 2023 [+Info](#)

APP Galegas con Recursos: directorio de recursos para mulleres vítimas de violencia de xénero. Accesible a través do portal de descarga da aplicación. [+Info](#)

Acordo da Conferencia Sectorial de Igualdade relativo á acreditación das situacións de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de intervención con menores que sofren ou teñen sufrido unha situación de VX (ES) [+Info](#)

Guía de actuación fronte á violencia machista [+Info](#)

Guía de dereitos das mulleres vítimas de violencia de xénero [+Info](#)

Guía de dereitos para mulleres refuxiadas que poidan estar sufrindo violencia machista [+Info](#)

Información do Estado sobre a violencia vicaria [+Info](#)

Rede de mulleres veciñais contra os Malos Tratos [+Info](#) Rúa da Oliva, 12. Vigo.

Teléfono: 986 222 328. Atención ás vítimas: 606 929 137.

RD 664/2024, de 9 de xullo, polo que se regulan as axudas económicas a vítimas de violencias sexuais [+Info](#)

Axuda de pago único e indemnización para mulleres vítimas de violencia de xénero. [Ano 2026](#)

Axudas de indemnización económica dirixidas ás fillas e aos fillos menores de 30 anos das vítimas mortais por violencia de xénero, así como a mulleres que resultasen gravemente feridas como consecuencia dunha agresión por violencia de xénero, no marco do Pacto de Estado contra a violencia de xénero. [Ano 2026](#)

Axudas periódicas para mulleres que sofren violencia de xénero. [Ano 2026](#)

Normativa estatal en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)

Normativa autonómica en vigor en materia de igualdade de xénero [+Info](#)